

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE MARZO DE 2011.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 11,46 horas ( con retraso ) do día 26 de marzo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

### **ALCALDE:**

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. ( PSG-PSOE ).

### **CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:**

D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. ( PSG-PSOE ).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. ( PSG-PSOE ).

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. ( PSG-PSOE ).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. ( PSG-PSOE ).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. ( PSG-PSOE ).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. ( PSG-PSOE ).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA. ( PSG-PSOE ).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D<sup>a</sup>. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. ( PP).

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

**NON ASISTEN:** D<sup>a</sup>. MARÍA DO CARME ROBLEDÓ MUIÑA. (BNG), por atoparse enferma segundo manifesta o Portavoz do grupo.

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D<sup>a</sup>. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

### **ORDE DO DÍA:**

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

---

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Se informa que a urxencia ven motivada porque o informe foi asinado con data de onte, con posterioridade pois á convocatoria do Pleno extraordinario que se celebrou hai uns momentos, e por considerar a Alcaldía urxente tratar o asunto para poder tramitar o expediente ao que fai referencia.

Sometida a votación a urxencia dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a urxencia.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 25 de marzo de 2011 que transcrita di:

Por este Concello tramitouse expediente ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 30 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se proceda á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011.

Na mesma se sinala que consolídase a novidade introducida en 2010 en relación a exercicios anteriores, consistente na posibilidade de que os concellos que presentasen as correspondentes solicitudes realicen contratacións a conta das futuras resolucións de concesión e antes de que se estas se produzan, co obxecto de garantirlles un mínimo que lles permita a atención urxente daquelas obras ou servizos que os propios concellos deban atender con carácter inmediato.

Sínálase tamén que se mantén o especial e singular tratamento que se lle dá aos grupos municipais de intervención rápida (Grumir), entendidos como infraestruturas que permiten a prestación por parte dos concellos galegos, cun ámbito de actuación supramunicipal, dos servizos de protección civil, protección do ambiente, prevención e extinción de incendios e, en xeral, a aquelas dirixidas a salvagarda das persoas, dos seus bens e do patrimonio público.

Entre os requisitos e criterios para a selección das obras ou servizos figura no art. 12 que deben cumprirse os seguintes requisitos:

g) Teñan por obxecto a constitución dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por aqueles concellos ou entidades locais que o tiveran asignado de conformidade coas previsións establecidas no Protocolo de Colaboración asinado o 15 de xullo de 2002 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias e foran beneficiarios dunha subvención para a constitución dun destes grupos con cargo a Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación.

A Disposición Adicional Sexta sinala: Ademais dos supostos previstos no parágrafo sexto do artigo 13º, debido á especial transcendencia social e perigosidade das súas funcións, poderá utilizarse a vinculación nominal para a selección dos integrantes dos grupos municipais de intervención rápida, sempre que exista autorización expresa da xefatura do respectivo departamento territorial.

A Consellería de Traballo e Benestar mediante escrito do 21.02.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 655, do 15.03.2011, autoriza ao Concello a contratación anticipada de doce traballadores para a realización do servizo Grupo Municipal de Intervención Rápida.

A Consellería de Traballo e Benestar mediante escrito do 22.02.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 656, do 15.03.2011, autoriza ao Concello a realizar oferta especial ( con vinculación nominal) para a selección dos traballadores pertencentes ao colectivo de Grupos Municipais de Intervención Rápida para a realización do servizo Grupo Municipal de Intervención Rápida, ao abeiro da D.A. 6ª da Orde.

Resultando necesario e urxente tramitar o expediente para a contratación destes traballadores e visto o informe de Intervención onde se repara o expediente posto que non existe crédito.

Considerando esta Alcaldía necesario tramitar o expediente para a contratación deste persoal e visto o disposto nos artigos 215 e ss. do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e considerando que é competencia do Pleno a resolución do reparo, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Rexeitar o reparo formulado por Intervención levantando a suspensión e en consecuencia continuar a tramitación do expediente, por considerar que conforme á Orde referenciada pódese facer a contratación anticipada deste persoal estando o Concello autorizado para elo pola Consellería de Traballo e Benestar.

2º) Dar conta deste acordo á Tesourería e Intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

Debate: Non se produciu.  
Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as once horas e coarenta e nove minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.  
Vº e Prace.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.